

Prosa apaixonante

En 2007, o escritor vigués Marcos S. Calveiro recibiu o XVIII premio Ala Delta pol' *O carteiro de Bagdad*. Esta primeira novela infantil de Calveiro, quen aínda que xa penetrara no universo xuvenil con *Sari, soñador de mares* e mais con *Rinocerontes e quimeras* o certo é que nunca escribira para os máis pequenos, conquistou o xurado deste importante premio estatal que entre outras cousas lle valerá a tradución deste relato ás diferentes linguas do estado.

As páxinas da novela recrean o Bagdad de despois da guerra no que nada é xa como antes, e que presenta unha dicotomía entre o antes-bo e o despois-malo; establecementos que pecharon as súas portas, rúas cheas de vida convertidas agora en trincheiras, familias que antes eran amigas enfrontadas e o regreso a antigos costumes xa superados como o emprego do niqab.

Para artellar o relato emprega unha familia integrada por un pai, unha nai e o seu fillo, Abdulwahid, que é quen acada o maior protagonismo. É unha familia que sobrevive neste Bagdad en guerra e que tenta facelo coa maior normalidade, se é que pode ser normal que un neno non vaia á escola, que un pai arrisque a súa vida cada vez que vai traballar ou que unha nai teña que cubrir todo o seu corpo para evitar agresións e insultos. A voz narra-

Simbolismo e esperanza



PAULA FERNÁNDEZ



dora describe os acontecementos dende a perspectiva do rapaz polo que o texto ofrece unha visión da guerra apta para os nenos de dez anos a quen vai dirixido, e se cadra por gozar desa perspectiva o texto é menos duro. O protagonista consegue manterse á marxe, grazas aos pais, de moitos dos problemas que o arrodean, e,

dentro do que cabe, conservar as inquiredanzas propias da infancia malia observarmos a rapidez coa que madura ou a responsabilidade e valentía de que se arma para entregar unha carta logo dun grave accidente de seu pai.

A pesar da dureza que transmite o tema e da gravidade do narrado o autor carga de simbolismo o seu discurso. Un simbolismo cargado de esperanza, representada por cartas ou concursos de televisión, que libera a tensión narrativa provocada pola solidariedade de cara a esta familia que, aún vivindo nesta situación, conserva os seus vínculos, as súas crenzas, os seus costumes e, na medida do posible, o seu xeito de vivir anterior á guerra.

A prosa apaixonante de Calveiro, perfectamente estruturada, cun emprego tal das posibilidades estilísticas que a enchen de capacidade para transmitir anguria, impotencia, desesperación ou monotonía e mais a súa capacidade para inserir dentro deste realismo trazos de ficción que albiscan esperanza e ilusión, á beira da sobriedade e da solemnidade nas fermosas ilustracións de Miguel Ángel Díez fan que esta obra se torne imprescindible nas bibliotecas e nos andeis dos novos lectores e lectoras.

CALVEIRO, Marcos S., *O carteiro de Bagdad*. Marcos S. Calveiro. (Ilus. Miguel Ángel Díez), Ed. *Tambre*, Vigo, 2007, 140 páxinas.